

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN PARA TÉCNICOS/AS EN TURISMO CON DESTINO NA OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DA ESTRADA

PRIMEIRA.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de unha bolsa de colaboración, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de labores que son propias dunha oficina de información ao turista, con destino na caseta de información turística que o Concello ten na Avda. Benito Vigo.

Adxudicarase a bolsa ao aspirante que obteña unha maior puntuación no proceso de selección, e aqueles solicitantes que non fosen adxudicatarios, quedarán en fase de reserva, por orde de puntuación, para posteriores chamamentos:

- No caso de renuncia dalgún bolseiro/a.
- Non aceptación da prórroga por parte dun beneficiario/a.
- Cando por razóns do servizo fose necesario unha nova adxudicación.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Poderán ser beneficiarios desta bolsa aquelas persoas físicas que tendo capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obtención de axudas e subvencións públicas, reúnen os seguintes requirimentos:

- a) Ser español/a ou nacional dun país membro da Unión Europea, residente en España, preferentemente con residencia na provincia de Pontevedra.
- b) Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo ou Ciclo Superior en Comercialización e Información Turística, ou en condicións de obtelo na data en que finalice o prazo de presentación de instancias. Os títulos conseguidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar validados ou recoñecidos, ou deberase xustificar documentalmente que esa validación ou recoñecemento está en trámite no momento de solicitar a bolsa.
- c) Non ter cumpridos os 30 anos de idade na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- d) Non pader ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica que imposibilite o cumprimento das súas obrigas como bolseiro.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- g) Non haber transcurrido máis de 5 anos dende a finalización dos seus estudos.

TERCEIRA.- DOTACIÓN ECONÓMICA

Esta bolsa figura cunha dotación económica de 1.200,00 €/mes importe bruto.

O pagamento da bolsa ao beneficiario/a realizarase a partir da data de incorporación do bolseiro/a, por mensualidades completas ou por fracción proporcional ao tempo traballado dende o inicio da mesma, ou en todo caso, da data de renuncia voluntaria do bolseiro/a.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1.- As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello da Estrada e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada, podendo presentarse tamén nos lugares aos que fai referencia o artigo 38 da LRJAP e PAC, cos datos que se detallan no artigo 70 da mesma norma, no prazo de 5 días naturais dende a publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e no taboleiro de anuncios municipal.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidira en domingo ou festivo, prorrogárase dito prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes mencionados, o interesado deberá xustificar a data e hora da imposición do envío, remitindo a solicitude ao Concello da Estrada, mediante fax ao número 986.570233 ou telegrama no mesmo día.

As solicitudes presentadas unha vez transcorrido dito prazo, entenderase desestimadas.

Xunto coa instancia achegarase a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro que o substitúa.
- b) Documento acreditativo de estar en posesión do Título requirido para a Bolsa solicitada, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Certificado do expediente académico, currículum vitae e documentación acreditativa deste.
- d) Acreditación de cursos ou ciclos de especialización.
- e) Declaración xurada comprometéndose o solicitante a renunciar, se fora seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante o tempo de disfrute da bolsa.
- f) Certificado ou declaración xurada que acredite non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto desta bolsa.
- g) Tarxeta sanitaria da Seguridade Social.

4.2.- En canto a presentación de solicitudes, ademáis do recollido no apartado primeiro desta cláusula, os solicitantes estarán o disposto no artigo 23, apartados 3. 4 e 5 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que lle sexa de aplicación.

QUINTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

Para poder valorar os méritos achegados polos interesados constituirase unha Comisión de Selección, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: D. Valentín García Gómez

Suplente: D. Rogelio A. Carrera Ares

Secretario:

Titular: D. Enrique Prieto Porto

Suplente: Dna. Gisela Rey Baltar

Vogais:

Titular: Dna. Vanesa Diz González

Suplente: Dna. Elina González Alvarez

Titular: D. Jorge Armesto Rodríguez
Suplente: Dna. Julia García Oya

Titular: D. Ramón Brea Villaverde
Suplente: D. Ramiro Goldar Soto

SEXTA.- SELECCIÓN DO BOLSEIRO/A

A selección do bolseiro/a efectuarse mediante a valoración dos méritos acreditados polos interesados segundo o seguinte baremo:

1º.- Méritos académicos:

- a) Expediente académico: ata un máximo de cinco (5) puntos
- b) Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas da Administracións Pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, ata un máximo de dous (2) puntos.
- c) Coñecemento de idiomas, ata un máximo de seis (6) puntos: 2 puntos por cada idioma diferente ao galego e ao castelán.
- d) Por residencia na provincia de Pontevedra: 0,10 puntos (xustificarse coa presentación do correspondente certificado de empadramento).

Os cursos e créditos que acrediten xunto coa solicitude será computados dacordo coas seguintes puntuacións:

<u>DURACIÓN/HORAS</u>	<u>PUNTUACIÓN/CURSO</u>
1. De 100 ou máis horas	0,25 puntos
2. De 60 a 99 horas	0,20 puntos
3. De 30 a 59 horas	0,15 puntos
4. De 10 a 29 horas	0,10 puntos
5. Menos de 10 horas	0,05 puntos
6. De 10 ou máis créditos	0,25 puntos
7. De 6 a 9 créditos	0,20 puntos
8. De 3 a 5 créditos	0,15 puntos
9. De 1 a 3 créditos	0,10 puntos

No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, éstos serán valorados a razón de 0,05 puntos.

Unha vez valorados os méritos pola Comisión, a lista de aspirantes admitidos xunto coas valoracións definitivas correspondentes aos méritos académicos, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada.

2º Exame tipo test: De carácter eliminatorio, consistirá na resolución de 25 preguntas, con respostas alternativas, sobre os recursos turísticos do Concello da Estrada. Valorarase de 0 a 10 puntos, necesitándose cinco (5) puntos para aprobar. Esta proba realizarse nun tempo máximo de 30 minutos.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

A comisión seleccionadora dictará resolución no prazo máximo de 10 días a partir da data da publicación da convocatoria, podendo en calquera momento convocar aos solicitantes

para aclaracións que teñan relación coa documentación presentada en referencia ao seu currículo.

O Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello da Estrada, á vista da proposta da Comisión Seleccionadora, adxudicará bolsa ao aspirante que obteña a maior puntuación no proceso de selección, e aqueles solicitantes que non fosen adxudicatarios, quedarán en fase de reserva, por orde de puntuación, para posteriores chamamentos.

No caso de novas adxudicacións, por razón de servizo, e ata un máximo de dous bolseiros/as, dictarase nova Resolución da Alcaldía ao efecto, previo informe preceptivo da Intervención Municipal.

OITAVA.- CONDICIÓNS XERAIS

Establécense as seguintes condicións xerais:

- a) A bolsa terá unha duración máxima de 6 meses (con posibilidade de ampliación a 6 meses) a contar dende a data de incorporación do bolseiro/a,
- b) A bolsa será incompatible co desempeño de calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a natureza desta última.
- c) O beneficiario/a da bolsa comprometerase a observar o horario de traballo e a disciplina que lle fixe o Concello da Estrada.
- d) A aceptación e goce de dita bolsa non establece ningunha relación laboral nin funcional co Concello da Estrada, non implicando en consecuencia ningún compromiso ou vinculación posterior de dito bolseiro/a a este Concello.
- e) Esta Concello subscribirá unha póliza de accidentes para o/a beneficiario/a da bolsa durante o período e vixencia da convocatoria.
- f) O bolseiro/a terá que aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nas bases reguladoras desta convocatoria.
- g) O bolseiro/a xustificará documentalmente o cumprimento de todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- h) O bolseiro/a deberá desenvolver a actividade obxecto de colaboración cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos e informes que determine o Sr. Alcalde ou Concelleiro/a correspondente.
- i) O bolseiro/a presentará no Concello da Estrada, como máximo 15 días antes da finalización da bolsa, unha memoria explicativa das labores realizadas, quedando supeditado o abono da última mensualidade á presentación da mesma.
- j) Ademais das obrigas mencionadas nos apartados anteriores, estará suxeito aos deberes que, con carácter xeral, se establecen no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións. Así mesmo estará o bolseiro/a obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola Administración.
- k) En caso de renuncia dalgún/ha bolseiro, ésta deberá ser comunicada por escrito cunha antelación mínima de 15 días.

NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As dúbidas que puideran xurdir durante a fase de concurso e da vixencia da bolsa serán resoltas pola Comisión de Selección, previos informes do Secretario e Interventor do Concello, de ser preceptivos.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

A convocatoria da bolsa e a selección do bolseiro/a, así como a realización dos traballos que dan dereito á mesma, suxeitarase ao previsto nas presentes Bases e ademais se estará ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 30/1992, de 26 de

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, e demais lexislación aplicable.

MODELO INSTANCIA

APELIDOS.....

NOME.....

Con enderezo en

e provisto do DNI nº Telf.....

EXPÓN:

Que reunido todas e cada una das condicións exisidas na convocatoria pública de Diplomados/as en Turismo ou Ciclo Superior en Comercialización e Información Turística para o Concello da Estrada

SOLICITA:

Que se lle admita para participar na devandita convocatoria.

A Estrada, a dede 2010

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

A Estrada, 7 de abril de 2010
A CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO RURAL E TURISMO,